



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 29 DE XUÑO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 14:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 27 de abril de 2017. A secretaria sinala que hai que rectificar os acordos adoptados no punto 4.- Urbanismo, só hai que deixar o punto 4.1.1 e eliminar do 4.1.2 ao 4.1.5 por estar acordados na sesión do 30 de marzo de 2017 e no acordo do punto 5.5 relativo á devolución de fianza á empresa Antonio Filloy S.A. hai que incluír a obra Mellora de camiños nas parroquias de Arceo, Boimorto e outras do POS 2015 por importe de 1.382,00 euros. Os Sres./Sras. Concelleiros/as acordan aprobar por unanimidade a acta coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- CERTIFICADO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ E TRANSFERIRÁ A ESTE CONCELLO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA).

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1288 en data 02/06/2017, da cantidade que se liquidará e transferirá polo primeiro trimestre do ano a este Concello que corresponde en función das horas de atención efectivamente prestadas no servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, segundo o seguinte desglose:

Mes de xaneiro: 7.695,46 €

Mes de Febreiro: 7.426,38 €

Mes de Marzo: 8.012,07 €

Total nómina neta 1º trimestre: 23.133,91 €



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Total devengado: 23.133,91 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DURANTE O EXERCICIO 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1579 en data 27/06/2017, na que se aproba o pagamento do 50,00% da subvención correspondente ao programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio 2017 (BOP 243, do 26/12/2016).

Importe que se ha xustificar: 22.000,00 €

Importe do anticipo que se vai aboar: 11.000,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE A PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1580 en data 27/06/2017, na que se aproba o pagamento do 50,00% da subvención correspondente ao programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2017 (BOP 39, do 24/02/2017).

Importe que se ha xustificar: 31.572,68 €

Importe do anticipo que se vai aboar: 15.786,34 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACION DE INVESTIMENTO CULTURAL DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1346 en data 12/06/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Investimento cultural).

O importe que se vai aboar é de 1.259,30 € (o resto do 60% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO-DEPORTIVO, DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1347 en data 12/06/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Animador deportivo).



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

O importe que se vai aboar é de 4.500,00 € (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1394 en data 14/06/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Actividades deportivas).

O importe que se vai aboar é de 4.987,36 € (o resto do 100% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2017

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1395 en data 14/06/2017, na que comunica que o Pleno da deputación, na sesión extraordinaria realizada o 8 de xuño de 2017, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2017 sinalando que nalgúns caso a aprobación dalgunhas obras ou subministracións incluídas no referido Plan está condicionada ao cumprimento das condicións que se indican no ANEXO á circular, como é o caso deste concello, non poderá iniciar o correspondente expediente para a súa adxudicación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- SOLICITUDE CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOA CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA LUÍS REGUEIRO ANDRADE) 1/2017.

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida, presentada con entrada no Concello nº 1344, en data 12/06/2017, por D. Luís Regueiro Andrade, con DNI 76474457D, con grao de minusvalía do 36%, visto informe da traballadora social de data 07/06/2017, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade,

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello, Luís Regueiro Andrade con DNI 76474457D, con grao de minusvalía do 36%. Con caducidade a data 03/04/2019.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €.**

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO RECREATIVA DO CAMPO DE FÚTBOL O DÍA 8 DE XULLO DE 2017 AO CLUB FÚTBOL DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta da solicitude con rexistro de entrada nº 1392 de data 14/06/2017 presentada por D. Roberto Costoya Castelo con DNI 78798631X, actuando en calidade de presidente do Club de Fútbol de Boimorto, solicitando o uso da área recreativa do campo de fútbol para celebración dunha churrascada a favor dos socios do club o vindeiro día 8 de xullo de 2017, así como a dispoñibilidade das mesas e cadeiras propiedade do concello.

En aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado 1372/1986 do 13 de xullo e de conformidade co disposto no artigo 37.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a D. Roberto Costoya Castelo con DNI 78798631X, o uso común especial da área recreativa do campo de fútbol para celebración dunha churrascada o día 8 de xullo de 2017, debendo de responsabilizarse do bo uso e limpeza das instalacións, sen privar do uso da mesma aos demais o día 8 de xullo de 2017, así como a dispoñibilidade do material solicitado, condicionando a autorización a:

1º.- Comprometerse a cumprir as condicións de seguridade e prevención determinadas por este Concello á hora de realizar o lume para a churrascada que se adxunta como anexo á notificación.

2º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos e ao servizo de defensa contra incendios forestais para o seu coñecemento.

5.- LICENZA DE OBRA CONSTRUCCIÓN DE 1 ALPENDRE EN VILANOVA, 7

Neste intre pasa a presidir a sesión o primeiro tenente de alcalde e retírase Dna. María Jesús Novo Gómez debido ao conflito de interés que supón o parentesco co solicitante.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Félix Lamas Boado con DNI 44813698S, con domicilio a efectos de notificacións en R/ Vilanova nº 7 15817 Boimorto, en virtude da instancia con rexistro de entrada no Concello número 840 en data 10/04/2017 para realizar as obras de construción dun alpendre no lugar de Vilanova nº 7, do núcleo urbano de Boimorto (Referencia catastral: 1221807NH7612S000UF) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. Arturo Calvo Tarrío, colexiado número 339. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Vista a resolución de data 29/03/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada número 807 en data 06/04/2017, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras, baixo unhas condicións. (Expediente número: 2016/1508 CNC).

Visto o informe favorable de outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 10/04/2017.

Visto o informe de Secretaría municipal de data 28/06/2017 e as advertencias que constan no mesmo.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Félix Lamas Boado con DNI 44813698S (LO 5/2017) para construción dun alpendre no lugar de Vilanova nº 7, do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva) conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 5 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que consta no expediente e se indica nos condierandos deste acordo.

.- As obras a realizar consisten en:

.- Construción dun alpendre destinado a almacén, apegado aos lindes Sur e Leste, de planta rectangular (3,0 x 5,0), cunha superficie de 15,0 m² e unha altura de 2,2 m. A cuberta será a dúas augas a base de fibrocemento e tella cerámica curva. Os cerramentos exteriores serán con bloque de formigón antihumidade, enfusado e pintado nos ventos Sur e Oeste, e recuberto de pedra de 5 cm de grosor aproximadamente nos ventos Norte e Leste, similar a un muro de cachotería. Instalarase unha porta e unha ventá e construírse unha soleira de formigón.

.- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

.- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 4.034,50 €uros.

Liquidación 2%: **80,69 €**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Félix Lamas Boado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

Retoma a presidencia Dna. María Jesús Novo Gómez.

6.- APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE “MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE APARATOS ELEVADORES DO CONCELLO DE BOIMORTO”

Examinado o expediente de contratación do servizo de “Mantemento das instalacións de aparatos elevadores do Concello de Boimorto” e de cantos antecedentes, informes e documentos constan no mesmo.

Visto que en data 30 de xuño de 2014, subscribeuse contrato de servizo de mantemento das instalacións de aparatos elevadores do Concello de Boimorto, coa empresa “Schindler, S.A.”, en cuia cláusula sétima se establece que: *“O prazo de execución do contrato será de dous anos naturais a contar dende o día seguinte o da sinatura do contrato salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo será prorrogable dous anos máis”*.

Considerando necesario seguir contando con dito servizo, e tendo en conta o artigo 23 do texto refundido da Lei de contratos do sector público que se transcribe a continuación:

<<Artículo 23 Plazo de duración de los contratos

1. *Sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos, la duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas.*

2. *El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluidos los períodos de prórroga.*

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes.

3. *Los contratos menores definidos en el artículo 138.3 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga.>>*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**

PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga anual do contrato de servizo de “Mantemento das instalacións de aparatos elevadores do Concello de Boimorto”, coa empresa “SCHINDLER, S.A.” CIF: A-50001726, con efectos desde o 1 de xullo de 2017 ao 30 de xuño de 2018 coas mesmas condicións do contrato inicial.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao contratista indicando o réxime de recursos así como documentar dita prórroga para a súa formalización expresa de mutuo acordo por ambas partes.

7.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 29/06/2017

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- JESÚS BUJÁN LEA (R.E. 1577 data 27/06/17) - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- MARÍA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ RICO (R.E. 1242 data 29/05/17) - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- ALFONSO REY VÁZQUEZ (R.E. 1240 data 29/05/17) – FISIOTERAPIA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

4.- JOSÉ GARCÍA MONTERO (R.E. 1296 data 02/06/17) – FISIOTERAPIA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

5.- CARMEN TABOADA GARCÍA (R.E. 1436 data 21/06/17) - FISIOTERAPIA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a María Concepción Martínez Rico, Alfonso Rey Vázquez, José García Montero e Carmen García Taboada e no servizo de podoloxía a Jesús Buján Lea.

SEGUNDO.- Notificar os/ás beneficiarios/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro de 2017. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

8.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE XUÑO 2017

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 29/06/2017 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 24/05/2017 e o 29/06/2017 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que non existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia.

2º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de xuño:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRECIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialiación de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Ascensión Fandiño López Rúa Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	30 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	43 puntos
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2, Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Julio Vázquez Salmonte Rúa Gándara, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	42 puntos
Domingo Antonio Garea Castro Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto	24 puntos	6 puntos	0 puntos	6 puntos	36 puntos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Dolores Novo Giao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	39 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Concepción Graña Sánchez Lg Ponte Boado, Arceo	20 puntos	6 puntos	3 puntos	4 puntos	33 puntos
Antonio Sánchez Barreiro Lg. Casanova, Arceo	10 puntos	18 puntos	0 puntos	5 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Celia Cajide Rico Lg Gárdoma, Boimil	32 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	32 puntos
Lucía Esther Mejuto García Lg Algalia, Dormeá	24 puntos	6 puntos	0 puntos	2 puntos	32 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Mª del Carmen García Ramos Rúa Gándara, Boimorto	20 puntos	6 puntos	0 puntos	1 punto	27 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos

3º.- Que non existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia.

4º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de xuño:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 38 efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto – Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e só 60 efectivamente prestadas.
José Casal Mato Lg. Piñeiro, Sendelle, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Emilia Enjamio Rodríguez Lg. Corredoiras - Ánxeles	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas
Jesús Barreiro Nouche Lg. Espiñeiro núm. 10, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e só 10 efectivamente prestadas
Aurora Novo Andrade Lg. Coto Salgueiro núm. 11 - Ánxeles	Grao II, 45 horas concedidas e só 9 efectivamente prestadas a petición da interesada
Jesús Cacharrón Portos Lg. Vilanova núm. 3 – Sendelle	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen García Taboada Lg Vilanova, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Mª del Carmen García García Lg Franzomil, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada
Ricardo García García Lg Franzomil, Sendelle	Grao III, 70 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada
Carmen Mejuto Rúa	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Lg Carretera, Corneda	
José Filloy Veiga Lg Souto, Andabao	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen Paz Astray Lg Arosa, Arceo	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
María Mato Méndez Lg Outeiro, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Sabina Vilariño Vereá Lg Canto do Balo	Grao I, 20 horas concedidas e só 17 efectivamente prestadas por non ter o concello máis horas dispoñibles

5º.- Que presentou solicitude de revisión da súa puntuación por agravamento Dona Josefa Quintela Abad acadando unha puntuación total de 24 puntos.

6º.- Que existen variacións na lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia polo que quedaría do seguinte xeito a 29 de xuño de 2017:

- 1º.- María Vila Platas, 35puntos
- 2º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 3º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 4º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 5º.- Jorge Sánchez Sámchez, 32 puntos.
- 6º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 7º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 8º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 9º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 10º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 11º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 12º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 13º.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 14º.- Josefa Quintela Abad, 24 puntos.
- 15º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos.
- 16º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 17º.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 18º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 29 de xuño de 2017

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora Social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local ppor unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido ppola traballadora social con data 29/06/2017.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios aos que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionado nos considerandos deste acordo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- María Vila Platas, 35 puntos
- 2º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 3º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 4º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 5º.- Jorge Sánchez Sámchez, 32 puntos.
- 6º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 7º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 8º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 9º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 10º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 11º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 12º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 13º.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 14º.- Josefa Quintela Abad, 24 puntos.
- 15º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos.
- 16º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 17º.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 18º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

9.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS CON MOTIVO DAS ACTIVIDADES DE VERÁN 2017

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada no BOP en data 11/05/2010 e posteriores . Vistas as bases para convocatoria e establecemento de prezo público con motivo das actividades de verán 2017 redactadas en data 21/06/2017 polo animador deportivo e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<Bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das actividades de verán 2017 polo animador deportivo e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento das actividades e dos prezos públicos que serán realizadas neste Concello no verán de 2017

Campamento Urbano "Boimorto Olímpico" de 4 a 12 anos.

